

Concepción Arenal (Ferrol, 1820 – Vigo, 1893)



Concepción Arenal, escritora e legalista, constitúe unha personaxe transgresora e atípica na España do seu tempo, mais a súa obra insértase perfectamente nas correntes culturais e nos movementos sociais da Europa da 2ª metade do século XIX. O relato e anécdotas da súa vida mostran o seu carácter de pionera, abrindolle portas ás mulleres no ámbito laboral.

O seu pai, militar, morreu de enfermidade cando tiña nove anos debido ás súas estadias en prisión por mor da súa ideoloxía liberal, impopular no período absolutista de Fernando VII. Os especialistas indican que ese feito configurou de xeito temperán o seu sentido da xustiza.

Foi a primeira muller en asistir á Facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid, vestindo roupas masculinas, xa que a educación superior estaba vedada ás mulleres. Alí coñecerá ao abogado Fernando García Carrasco, co que casará en 1948, fundando un matrimonio baseado no respecto mútuo e que comparte as mesmas inquedanzas intelectuais ata a súa morte por tuberculose no 1857.

Retrato do pintor Vicente Díaz conservado no Museo Bello Piñeiro de Ferrol. Foto: Lamigueiro

con distintas problemáticas sociais, o cal levouna a ser defensora de causas casi imposibles no seu momento, como a reforma penitenciaria ou o dereito das mulleres á educación.

Aínda que é retratada como unha muller introspectiva e silenciosa, o certo é que teceu unha interesante rede de contactos con amigos cos que mantivo unha intensa correspondencia, e xunto a eles participou tamén en moitas empresas e proxectos nacionais e internacionais, como a fundación dunha Construtora Benéfica –sociedade dedicada á construcción de casas baratas para os obreiros-, a relación coa Federación Abolicionista Internacional ou a colaboración durante a II Guerra Carlista coa Cruz Vermella .

Concepción Arenal foi defensora de causas casi imposibles no seu momento, como a necesidade de levar a cabo unha reforma penitenciaria, para o que tratou de facer comprender aos políticos as condicións infrahuumanas que sufrían os presos. Tamén, xunto a Emilia Pardo Bazán, foi pionera na defensa dos dereitos da muller, outorgando á súa educación e instrución un papel fundamental. Consideraba o xénero unha limitación imposta pola sociedade e non pola natureza e para ela, a falta de preparación das mulleres era un atranco para o progreso da sociedade en xeral.

Foi unha reformadora social liberal e progresista, pero a súa figura foi, ao longo do século pasado, controvertida – aínda que as más das veces pasou desapercibida-, xa que os círculos burgueses más conservadores apropiáronse dela, imprimíndolle un relato que encaixara cos cánones de beleza moral feminina tradicionais. O pensamento de Concepción Arenal é difícil de simplificar, xa que amosaba unha personalidade contradictoria. Por un lado estaba próxima, intelectualmente e por lazos de amizade, aos postulados da Institución Libre de Enseñanza de Giner de los Ríos e Gumersindo de Azcárate, e por outro lado tiña profundas conviccións relixiosas que nunca abandonou. Non obstante trátase dun catolicismo hoxe obxecto de revisión, mais relacionado cos movementos confesionais europeos xurdidos en Francia, Bélxica e Alemaña, que co oficialismo e a ortodoxia. Deste xeito defendeu un cristianismo de corte máis ecuménico, máis intimista e consagrado ás realizacións sociais.

O seu pensamento tivo influencia na República en mulleres coa relevancia intelectual e compromiso político como Clara Campoamor ou Victoria Kent.



Guía de lectura

Libros

| | |
|--|----|
| Fábulas en verso originales | 6 |
| La beneficencia, la filantropía y la caridad | 6 |
| El visitador del pobre | 6 |
| Cartas a los delincuentes | 7 |
| El derecho de gracia ante la justicia; El reo, el pueblo y el verdugo | 7 |
| La mujer del porvenir | 7 |
| Estudios penitenciarios | 8 |
| Las colonias penales de Australia y la pena de deportación | 8 |
| Ensayo sobre el derecho de gentes | 8 |
| Cuadros de la guerra | 9 |
| La cuestión social: cartas a un obrero y a un señor | 9 |
| La instrucción del pueblo | 9 |
| La mujer de su casa | 10 |
| Algunas observaciones sobre el delito colectivo | 10 |
| El visitador del preso | 10 |
| Informes presentados en los congresos penitenciarios de Estocolmo, Roma, San Petersburgo y Amberes | 11 |
| El pauperismo | 11 |



La igualdad social y política y sus relaciones con la libertad _____ 11

Artículos sobre beneficencia y prisiones _____ 12

Compilacións

Breviario humano _____ 12

Cartas inéditas de Concepción Arenal _____ 12

Da muller da súa casa á muller do porvir _____ 13

Dios y libertad _____ 13

El enigma de la libertad: selección de artículos de Concepción Arenal _____ 13

Escolma de escritos _____ 14

Poesía de juventud _____ 14

Antología popular _____ 14

Estudos

Aportación de Concepción Arenal no marco do estado liberal español _____ 15

Concepción Arenal _____ 15

Concepción Arenal _____ 15

Concepción Arenal _____ 16

Concepción Arenal _____ 16

Concepción Arenal _____ 16

Concepción Arenal _____ 17

Concepción Arenal: a la virtud, a la vida, a la ciencia _____ 17



| | |
|--|----|
| Concepción Arenal: en el origen de unos cambios sociales | 17 |
| Concepción Arenal: su proyección histórica socioeducadora | 18 |
| Concepción Arenal: unha muller pioneira | 18 |
| Concepción Arenal: vida ciencia y virtud | 18 |
| Concepción Arenal y el feminismo católico español | 19 |
| Concepción Arenal y Victoria Kent | 19 |
| Las ideas de Concepción Arenal y el curso del derecho | 19 |
| Las ideas sociales de Concepción Arenal | 20 |
| El hospital en el siglo XIX en la obra de Concepción Arenal | 20 |
| Literatura y feminismo en España (S. XV-XXI) | 20 |
| Mentalidad y proyección social de Concepción Arenal | 21 |
| Muller e dereito na obra de Concepción Arenal | 21 |
| La otra mitad del género humano: la panorámica vista por Concepción Arenal | 21 |
| El pensamiento vivo de Concepción Arenal | 22 |
| El reformismo social y sanitario de Concepción Arenal | 22 |
| Salirse del tiesto: ensayistas españolas, feminismo y emancipación (1861-1923) | 22 |
| Spanish women writers: a bio-bibliographical source book | 23 |
| Tres mujeres gallegas del S.XIX | 23 |



Artigos

Lembranzas

23

Material audiovisual

[Concepción Arenal, la fuera de un ideal](#)

Documental da serie “Mujeres en la historia” de TVE

[Concepción Arenal, la visitadora de presons](#)

Dirección: Laura Mañá

Guión: Rafa Russo i Laura Mañá


Productores: Televisió de Catalunya, Distinto Films, Zenit TV, TVG, Canal Sur Televisión i Televisión Española, 20

Libros





Autora: Concepción Arenal
 Título: **Fábulas en verso originales**
 Ano: 1851
 Publicación: Castalia, D.L. 1994
 ISBN: 84-7039-696-X
 Signatura: L-C-19

Autora: Concepción Arenal
 Título: **La beneficencia, la filantropía y la caridad**
 Ano: 1861
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1894
 Signatura: BAE-302




Autora: Concepción Arenal
 Título: **El visitador del pobre**
 Ano: 1863
 Publicación: Est. Tip. "Sucesores de Rivadeneyra", 1894
 Signatura: BAE-302


Autora: Concepción Arenal
 Título: **Cartas a los delincuentes**
 Ano: 1965
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1894
 Signatura: EDU (1043)



Autora: Concepción Arenal
 Título: **El derecho de gracia ante la justicia ; El reo, el pueblo y el verdugo ; El delito colectivo**
 Ano: 1867
 Publicación: Est. Tip. "Sucesores de Rivadeneyra", 1894
 Signatura: EDU (1051)



Autora: Concepción Arenal
 Título: **La Mujer del porvenir**
 Ano: 1869
 Publicación: Castalina, D.L. 1993
 ISBN: 84-7039-678-1
 Signatura: DSOC-8124






Autora: Concepción Arenal
 Título: **Estudios penitenciarios**
 Ano: 1877
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1895
 Signatura: EDU (1045)

Autora: Concepción Arenal
 Título: **Las colonias penales de Australia y La pena de deportación**
 Ano: 1877
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1895
 Signatura: EDU (1049)




Autora: Concepción Arenal
 Título: **Ensayo sobre el derecho de gentes**
 Ano: 1879
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1895
 Signatura: EDU (1047)

Autora: Concepción Arenal
Título: **Cuadros de la guerra**
Ano: 1880
Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1913
Signatura: EDU (1058)




Autora: Concepción Arenal
Título: **La cuestión social, cartas a un obrero y a un señor**
Ano: 1880
Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1895
Signatura: BAE-303





Autora: Concepción Arenal
Título: **La instrucción del pueblo**
Ano: 1881
Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1896
Signatura: EDU (1050)







Autora: Concepción Arenal
Título: **La mujer de su casa**
Ano: 1883
Publicación: Madrid : Gras y Compañía, 1883
ISBN: 84-7824-495-6
Signatura: EDU (1059)

Autora: Concepción Arenal
Título: **Algunas observaciones sobre el delito colectivo**
Ano: 1892
Publicación: La España Moderna, [ca. 1900]
Signatura: DER (DEP-27054)




Autora: Concepción Arenal
Título: **El visitador del preso**
Ano: 1894
Publicación: Librería General de Victoriano Suárez, 1946
Signatura: DER (DEP-28758)


Autora: Concepción Arenal
Título: **Informes presentados en los congresos penitenciarios de Estocolmo, Roma, San Petersburgo y Amberes**
Ano: 1896
Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1896
Signatura: EDU (1052)



Autora: Concepción Arenal
Título: **El pauperismo**
Ano: 1897
Publicación: Ir Indo, 2002.
ISBN: 84-7680-420-2 (v.1) 84-7680-421-0 (v.2)
Signatura: S8-B-150

Autora: Concepción Arenal
Título: **La igualdad social y política y sus relaciones con la libertad**
Ano: 1897
Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1898
Signatura: EDU (1060)






Autora: Concepción Arenal
 Título: **Artículos sobre beneficencia y prisiones. 2**
 Publicación: Librería de Victoriano Suárez, 1900
 Signatura: EDU (1056)

Compilacións

Autora: Concepción Arenal
 Compiladora: María Barbeito y Cerviño
 Título: **Breviario humano antología de pensamientos**
 Publicación: Colegio Provincial de Abogados, D.L. 1974
 Signatura: FIL (L6t-ARENAL-bre)

Índice de aforismos compilados por María Barbeito e Cerviño de entre as páxinas das Obras Completas de Concepción Arenal, que "contéñen un ensino e unha guía para todas as situacións, nunha soa frase digna de converterse en divisa do bo pensar, do bo sentir e do ben proceder. Lédeos, recollédeos devotamente, e gravádeos na memoria do corazón, que é a máis fiel".




Autora: Concepción Arenal
 Compilador: Manuel Rodríguez Carrajo
 Título: **Cartas inéditas de Concepción Arenal**
 Publicación: Diputación Provincial (A Coruña), 1984.
 ISBN: 84-505-0059-1
 Signatura: FIL (L6t-ARENAL-car)

O monxe e intelectual galego, Manuel Rodríguez Carrajo, contribúe a coñecer novos aspectos da autora coa publicación do seu epistolario, segundo expón o autor "en poder dos herdeiros da escritora ou na biblioteca do Mosteiro de Poio como procedente da que pertenceu ao poeta Rei Soto".

Autora: Concepción Arenal
 Título: **Da muller da súa casa á muller do porvir**
 Ano: 1883
 Publicación: Servizo Galego de Igualdade : Sotelo Blanco, [2006]
 ISBN: 84-7824-495-6
 Signatura: PATIN (SOC-570)

As cinco obras que componen a presente antoloxía (*La mujer del porvenir*, *La mujer de su casa*, *Estado actual de la mujer en España*, *El trabajo de las mujeres*, *La educación de la mujer*), constitúen auténticos retratos das condicións de vida das súas coetáneas, fotografías en que se amosa a dura realidade cotiá á que se enfrentan as mulleres de finais do XIX, acompañadas de rigorosas análises sobre os feitos maxistralmente descritos. Mais a escritora ferrolá reivindica tamén nestes textos cambios na consideración social da muller que contribúan a erradicar o ideal erróneo da “muller da súa casa” e fomenten a “independencia”, alicerce da “muller do porvir”: unha muller educada, instruída e socialmente más útil.





Autora: Concepción Arenal
 Ed. lit.: María José Lacalzada de Mateo
 Título: **Dios y libertad**
 Publicación: Museo de Pontevedra, 1996
 ISBN: 84-88363-71-0
 Signatura: PATIN (LTO.G 846)

Esta obra, realizada por Concepción Arenal en Oviedo no 1858, permaneceu inédita ata que o Padroado do Museo de Pontevedra decidiu editala. Chegou a formar parte dos seus fondos cando en 1980, Pilar García Arenal, neta da escritora, doou o orixinal autógrafo á institución. A presente edición, con estudo preliminar, revisión e notas de María José Lacalzada de Mateo, ofrece ao lector a transcripción realizada por María Jesús Fortes Alén, e dános a coñecer un libro "áxil e fresco, moi sincero e con certas doses de autobiografía non exenta deinxuidade".

Autora: Concepción Arenal
 Compiladora: María José Lacalzada de Mateo
 Título: **El enigma de la libertad: selección de artículos Concepción Arenal**
 Publicación: Universidad de Cantabria, 2006
 ISBN: 84-8102-429-5
 Signatura: FIL (H9-3298)

"Pídeseme que visibilice unha vez máis o enigma da esfinge que rodea sempre á obra de Concepción Arenal. Esta vez o xogo consiste en centrar a atención na súa faceta xornalística. Recuperar artigos de xornais ou de revistas que deixaremos reunidos nun mesmo tomo".






Autora: Concepción Arenal
Título: **Escolma de escritos**
Publicación: Consello de Cultura Galega, D.L. 1994
ISBN: 84-87172-90-3
Signatura: FIL (L6t-ARENAL-esc)

O Consello da Cultura Galega contribúe á homenaxe a Concepción Arenal coa publicación deste libro no que se recollen, de forma fragmentaria, as súas principais ideas nos múltiples campos do saber que ela cultivou co talante dos filósofos filántropos da nosa cultura occidental, que sentaron a base do actual Estado Social de Dereito.

Autora: Concepción Arenal
Compiladora: María Cruz García de Enterría
Título: **Poesía de juventud**
Publicación: Ferrol : Sociedad de Cultura Valle-Inclán, 1993
ISBN: 84-86046-55-6
Signatura: PATIN (LTO.E 796)

Concepción Arenal, durante os anos 1842, 1843 e 1844, escribiu con total sinceridade uns poemas que, lidos atentamente, aparecen como textos case autobiográficos dunha etapa de iniciación e aprendizaxe. A época de pleno Romanticismo en que se compuxo marca a lume o ton deste poemario, como marcada polo seu tempo estaba tamén a moza romántica que os escribiu e os copiou nun manuscrito, inédito ata agora e apenas coñecido.





Autor: Fray Benito Jerónimo Feijoo
Título: **Antología popular**
Publicación: Buenos Aires : Centro Gallego, [1966]
Signatura: FIL (FILDEP-14038)

Xuízo crítico de Concepción Arenal ás obras de Feijoo, no epílogo da obra. "Tiña que aprender só as matemáticas; carecía de instrumentos de física; de moitos libros que, por falta de recursos, non podía proporcionarse, ou cuxa entrada en España non era permitida; outros había de xulgalos por extractos, como se ve que o fai coas obras de Machiavelo, e cun discurso de Rousseau. A súa época era de crítica, de investigación; para a crítica faltáballe liberdade, para a investigación medios."

Estudos

Autora: **Celia Pereira Porto**
 Título: **Aportación de Concepción Arenal no marco do estado do liberal español**
 Publicación: A Coruña : Deputación Provincial, [1997]
 ISBN: 84-89652-32-5
 Signatura: F-D-65

Con este estudio complétase a perspectiva para interpretar o pensamento e a proposta emancipatoria de Concepción Arenal para o xénero feminino. Este estudio contribúe tamén a desentrañar a función que cumple o dereito positivo no mantemento da condición subalterna da muller no século XIX e pode que tamén a finais do século XX.




Autora: **Ana María Rivas**
 Título: **Concepción Arenal**
 Publicación: Madrid : Fundación Emmanuel Mounier, 1999
 ISBN: 978-84-923772-5-1
 Signatura: B-B-419

“Aquí temos unha biografía dunha gran señora, onde se conxuga a sinxeleza, a profundidade e a valentía. Boa esposa, boa nai, boa muller, boa intelectual, e por todo iso muller boa no bo sentido da palabra: bo modelo de humanidade”.

Autora: **Condesa de Campo Alange**
 Título: **Concepción Arenal**
 Publicación: Barcelona : Círculo de Lectores, [1993]
 ISBN: 978-84-22644-25-5
 Signatura: B-B-422

Á vez que nun axitado escenario político-social, a vida de Concepción Arenal transcorre nun dos períodos más ricos da historia do pensamento español. Nesta biografía, María Campo Alange reconstrúe nun imaginativo relato a traxectoria persoal da escritora, sen descoidar a minuciosa análise da difícil circunstancia en que se desenvolve o seu labor.







Autor: Guillermo Llorca Freire
 Título: Concepción Arenal
 Publicación: Ferrol : Club de Prensa, 1993
 D.L: C. 149-1993
 Signatura: PATIN (FL 38)

"Neste traballo que agora presentamos non pretendemos aproximarnos ao coñecemento da extensa produción intelectual de Concepción Arenal nin estudiar a súa exemplar traxectoria vital. O noso obxectivo é dar a coñecer, no centenario do seu pasamento, os esforzos colectivos e solidarios que fixeron posible a construción de varios monumentos en lembranza da súa memoria" en Ourense, Vigo, Coruña, Madrid e Ferrol.

Autora: África B. López Souto
 Título: Concepción Arenal
 Publicación: A Coruña : Baía, 2004
 ISBN: 84-96128-58-X
 Signatura: FIL (L7A-773)

No tempo transcorrido desde a morte da escritora, a súa obra foi obxecto de variadas e cambiantes interpretacións. Aínda que mentres vivía foi ben considerada e mantivo amizades nos medios liberáis progresistas e krausistas, tras a súa morte foi facéndose atractiva para os círculos católicos "ortodoxos", no cadre dos cales foi "convertida" ao catolicismo oficial. Esta versión continuou durante moito tempo (a pesar da pequena recuperación para o progresismo durante a II República), ata que María Laffite, condesa de Campo Alange, nos setenta do século pasado, de novo reivindicou a súa proximidade ao liberalismo e a Institución Libre de Enseñanza. Na actualidade van agromando investigacións independentes que recuperan a idea dunha autora moi inserida na súa contemporaneidade.





Autora: Elvira Martín
 Título: Concepción Arenal
 Publicación: Madrid : Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros (C.E.G.A.L.), [1994]
 ISBN: 84-920008-1-3
 Signatura: PATIN (LT.G-380)

Biografía da autora realizada non centenario dala súa morte. "-Eu quero ser avogado- confía un día á súa avoa, e esta reserva prudentemente a confidencia, segura do mal efecto que habería de producir na nai tan insólita determinación dunha rapariga nada a comezos do século XIX. Concepción quere ser o avogado que o seu pai non logrou ser; o avogado que defendería ao pai preso, o avogado que coa pluma e a palabra, mellor que coa espada, defendese a liberdade instaurando o reino da xustiza"

Título: **Concepción Arenal**
 Publicación: Ferrol: Ateneo Ferrolán, 1993
 ISBN: C-1697-1993
 Signatura: PATIN (FL-31)

O Ateneo Ferrolán realiza os seus Cadernos para contribuir a recuperar a historia de Ferrol. No centenario da súa morte dedícase o Caderno dese ano á escritora para coñecela un pouco máis. "Quixemos fuxir daqueles tratamentos mais serios e convencionais de investigación e dar unha visión de Concepción Arenal mais personal, dende aspectos descoñecidos, ou menos estudiados.




Autora: **Mª Eva Ocampo Vigo**
 Título: **Concepción Arenal: a la virtud, a la vida, a la ciencia (guía didáctica)**
 Publicación: Ferrol : Concello, Concejalía de Cultura, [1993]
 ISBN: 84-606-1359-3
 Signatura: EUP (Foll. 728)


A finalidade prioritaria desta unidade didáctica sobre Concepción Arenal, concrétese en que os alumnos teñan un maior coñecemento da vida, obra e pensamento da ilustre ferrolá do século XIX que, coas súas ideas e accións, contribuíu ao avance social da muller e ao mejoramiento das condicións de vida dos cárceres españois. Simultaneamente quérese mellorar a competencia lingüística, analizar interrelaciónnelas entre feitos políticos, económicos e culturais, e profundar nas tradicións propias da súa contorna para valoralas e respectalas.

Autora: **Condesa de Campo Alange**
 Título: **Concepción Arenal en el origen de unos cambios sociales**
 Publicación: Madrid : Fundación Universitaria Española, 1975
 ISBN: 84-7392-064-3
 Signatura: EUP (Foll. 615)

Conferencia pronunciada na Fundación Universitaria Española con motivo do Ano Internacional da Muller, o 11 de abril de 1957.

Para mim a importancia de Concepción Arenal reside en estar situada nas orixes da modernidade, alí onde se iniciam uns cambios sociais, especialmente para a muller, que repercuten con forza nos nosos días. E non só estivo situada alí, casualmente, senón que ela mesma contribuíu a provocar estes cambios [...]. Isto é, ao meu modo de ver, a razón pola que actualmente, de forma especial en 1975, ano dedicado á muller (dedicación criticada a diversos niveis por grupos ideolóxicos opositos) pode ou debe actualizarse a figura de Concepción Arenal.







Autora: Ángela Vallejo Flórez
 Título: **Concepción Arenal: su proyección histórica socioeducadora**
 Publicación: Salamanca : Tesitex, [1999]
 ISBN: 84-89609-33-0
 Signatura: PATIN (H.e 105)

Esta obra vén perfilar e enriquecer outros estudos anteriores sobre a figura de Concepción Arenal. Poderíamos encadrala nas coordenadas dunha historia social da educación. Pola panorámica que ofrece desde o coñecemento das súas obras directas, así como pola extensa bibliografía da autora, constitúe unha obra de gran utilidade para os investigadores, áinda que pola claridade de exposición e a amenidade da súa narración pode ser interesante para todos os públicos.

Título: **Concepción Arenal: unha muller pionera**
 Publicación: A Coruña : Diputación Provincial, [2005]
 DL: C-2900-2005
 Signatura: EDU (G-1480)

Unidade didáctica editada dentro do III Premio a Temas de Interese Social “Concepción Arenal”. Edición do ano 2005 dirixida a promover estudos ou traballos de investigación no campo das políticas de igualdade de xénero. Colabora a revista Andaina, Revista Galega de Pensamento Feminista





Autora: María José Lacalzada de Mateo
 Título: **Concepción Arenal vida, ciencia y virtud**
 Publicación: Perillo-Oleiros (A Coruña) : Vía Láctea, [1997]
 ISBN: 84-89444-31-5
 Signatura: DSOC-2656

Biografía de Concepción Arenal realizada pola especialista na escritora, Mª José Lacalzada de Mateo, nunha edición conxunta entre o Concello da Coruña e a editorial Vía Láctea.

Autora: **Manuela Santalla López**
 Título: **Concepción Arenal y el feminismo católico español**
 Publicación: Sada : Ediciós do Castro, [1995]
 ISBN: 84-7492-981-4
 Signatura: S7-B-52

"Nos capítulos que forman esta monografía tentaremos de nos aproximar á construcción social da muller neste modelo de sociedade propugnado polo liberalismo decimonónico español". Comezando por unhas notas biográficas da autora, realizarase unha aproximación á situación da muller española no oitocentos, para expor despois as diversas teorías misóginas, o tema da educación e instrución da muller, o traballo, o catolicismo social, chegando á cuestión da ambigüedad de Arenal á hora de reivindicar unha "igualdade absoluta", delimitándose máis ben por unha "igualdade suficiente". Tamén trataránse as influencias da escritora en mulleres como Victoria Kent, Margarita Nelken ou Clara Campoamor.




Autora: **María Telo Núñez**
 Título: **Concepción Arenal y Victoria Kent**
 Publicación: [Madrid] : Instituto de la Mujer, [1995]
 ISBN: 84-7799-117-0
 Signatura: S7-G-27


O contido do libro baséase na conferencia pronunciada pola autora no Institut Valencià de la Dona en 1992 onde se relaciona a traxectoria das dúas mulleres. A primeira, Concepción Arenal, que no século XIX denunciou ainxustiza, a pobreza, a violencia, a tiranía, a discriminación, os privilexios de clase e xénero, e a humana situación dos presos. A segunda, Victoria Kent, que no século XX foi exemplo de muller forte que, desde o seu cargo de Directora General de Prisiones, levou a termo reformas penitenciarias a favor dos presos, tan drásticas e humanas, que farián feliz a Concepción Arenal, a quen ela sempre tivo presente

Autor: **Manuel Iglesias Corral**
 Título: **Las ideas de Concepción Arenal y el curso del derecho**
 Publicación: La Coruña : Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación, 1972
 DL: C. 680-1971
 Signatura: BC (BID.M 14404)

Conferencia pronunciada por Manuel Iglesias Corral, presidente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, e decano do Colexio de Avogados da Coruña, realizada no 1972.

"El mundo ten dous campos. Todos os que aborrecen o Dereito, a Xustiza e a Liberdade, porque só a queren para eles, está nun. Os que aman o Dereito, a Xustiza e a Liberdade e os queren para todos, están noutro".






Autor: [Jesús Tobío Fernández](#)
 Título: [Las ideas sociales de Concepción Arenal](#)
 Publicación: [Madrid] : Instituto Balmes de Sociología, [1960]
 ISBN: M. 4975-1960
 Signatura: B-B-423

"Concepción Arenal foi moi celebrada polos seus estudos de Dereito penal e de Criminoloxía, cando, sen dúbida, o seu pensamento social e sociolóxico é aínda de máis valor. Pola súa orientación ideolóxica, a pensadora española está dentro do catolicismo social, é unha figura desa Socioloxía cristiá que o Papa Pío XIII pediu ensinásese, para ben da sociedade, nos centros de ensino superior de todos os países católicos. Así mesmo, Concepción Arenal propugna verdadeira democracia cristiá".

Autor: [Martín Romero Maroto](#)
 Título: [El hospital en el s.XIX en la obra de Concepción Arenal](#)
 Publicación: La Coruña : Diputación, 1988
 ISBN: 84-505-6824-2
 Signatura: CO-25

Nesta obra estúdiase a organización da asistencia sanitaria no s. XIX, extra e intrahospitalaria; a hixiene, a orde e a moral no hospital; o hospital en guerra; a muller no hospital; e o hospital siquiátrico, en síntese e análise histórica, para que sirva como antecedente ou guía para os que se ocupan a día de hoxe desta clase de actividades, que especialmente na área da beneficencia revisten gran trascendencia humana.




Autora: [Lisa Vollendorf](#)
 Título: [Literatura y feminismo en España \(S. XV-XXI\)](#)
 Publicación: Barcelona : Icaria, [2005]
 ISBN: 84-505-6824-2
 Signatura: EPS (RG M 176)

Persoas tan diversas como Isabel de Castela, Catalina de Euras o sor Juana Inés de la Cruz, cóntanse entre as mulleres que desafiaron os límites do seu xénero no ámbito hispánico. No entanto, apenas se prestou atención a esta longa tradición de mulleres transgresoras. A fin de superar este déficit, Lisa Vollendorf reuniu o dezanove ensaios que componen este libro

Autora: María José Lacalzada de Mateo
Título: Mentalidad y proyección social de Concepción Arenal
Publicación: Ferrol : Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación, DL 1994
ISBN: 84-606-1703-3
Signatura: PATÍN (LT.G 243)

Este libro procura achegarse ao pensamento da escritora sen prexúzos. Ela pretendía unha transformacións da mentalidade que partía dun sentido perfectible do ser humano. A súa achega á socioloxía e as ciencias políticas e xurídicas atópase nunha liña de pensamento ilustrado-liberal que busca reconciliar á persoa coa natureza e a razón posibilitando que asuma as rendas da súa soberanía, e elevar as sociedades cara a esferas máis nobres onde sexa posible a realización da xustiza. O seu personaxe, inscrito nunha vía do humanismo europeo que no século XIX diversificouse dentro das tendencias reformistas do liberalismo e dos socialismos posibilistas, está hoxe na base do Estado social de dereito




Autora: Celia Pereiro Porto
Directora: Ascensión Cambrón Infante
Título: Muller e derecho na obra de Concepción Arenal
Publicación: Universidade da Coruña (1996)
Signatura: DER (043-29)

"Mais de cen anos despois da morte de Concepción Arenal, qué interese pode haber en facer un traballo de investigación sobre a mesma?, cal é a finalidade do presente traballo? Pois ben, o obxectivo non é outro que facer unha reconstrucción da súa aportación teórica tendo como puntos centrais de referencia o marco histórico no que se fraguou e as súas propias palabras expresadas nos seus escritos".

Autora: María José Lacalzada de Mateo
Título: La otra mitad del género humano: la panorámica vista por Concepción Arenal
Publicación: Málaga : Universidad de Málaga, 1994
ISBN: 84-7496-262-5
Signatura: DSOC-8079

A figura de Concepción Arenal introdúcenos nunha problemática e unha época. A súa formulación feminista estivo na órbita de quen buscaban a recuperación da metade feminina da humanidade para a mesma revolución que iniciara a masculina a partir da Revolución francesa. Era preciso por tanto subliñar a dignidade da muller como ser humano libre e soberano, e procurar a súa integración consciente e autónoma no sistema com persoa, traballadora, cidadá e crente.




 Autora: [Clara Campoamor](#)

 Título: [El pensamiento vivo de Concepción Arenal](#)

Publicación: Valencia de la Concepción (Sevilla) : Renacimiento, 2013

ISBN: 978-84-15177-77-7

Signatura: EDU (P10-2534)

Clara Campoamor foi a máis tenaz e brillante defensora do dereito ao voto da muller nos inicios da II República. O que as mulleres puidesen votar en 1933 foi, en gran parte, mérito seu, aínda que fose mirado con certo receo por boa parte da dereita e a esquerda republicanas. A parte do seu meritorio labor político anterior á guerra civil [...] Clara Campoamor desenvolveu un amplio labor intelectual durante o seu exilio en Arxentina, destacando este libro, que ofrece a oportunidade de descubrir, á vez, a dúas grandes mulleres animadas por unha inmensa e xenerosa paixón reformista da sociedade do seu tempo, que moi ben pode servir de incitación e exemplo, pese ao tempo transcorrido, no noso presente

Autora: [Concepción Arenal](#)
 Título: [El reformismo social y sanitario de Concepción Arenal](#)
 Publicación: San Vicente (Alicante) : Editorial Club Universitario, D.L. 2012
 ISBN: 9788499484303
 Signatura: S12-B-254

Este libro comeza co estudo histórico do obxecto específico da Enfermaría desde os seus comezos á época actual, centrándose na figura de Concepción Arenal, quen realizou unha análise exhaustiva da comunidade, de xénero, da desviación social, dos pobres, inmigrantes e as contornas sociais, chegando a practicar unha enfermaría de tipo comunitaria. Propón mellorar as condicións físicas da contorna do enfermo, e aplica a relación de axuda na saúde psíquica de presos, pobres e enfermos. As carxacterísticas do coidado que impulsa supoñen un adianto no desenvolvemento da futura ciencia enfermeira e exercen unha notable influencia no corpus do código deontolóxico español. Por outra banda a relación da súa paradigma con outro modelos enfermeiros permiten chegar ás mesmas conclusións que Florence Nightingale aínda que sen ter ningunha influencia mutua.





Autora: [Ana María Díaz Marcos](#)
 Título: [Salirse del tiesto: ensayistas españolas, feminismo y emancipación](#)
 Publicación: Oviedo : KRK, 2012
 ISBN: 978-84-83673-79-9
 Signatura: EDU (L-4510)

Tradicionalmente os ensaios escritos por mulleres no século XIX foron ignorados pola crítica ao considerar que se trataba dun xénero literario eminentemente masculino. Con todo, Concepción Arenal, Rosario de Acuña e Concepción Gimeno de Flaquer foron prolíficas ensaístas e os seus escritos resultan claves para entender o xxurdimento da conciencia feminista en España. Estas intelectuais realizaron un poderoso traballo cultural retando ao arquétipo prevalente do "anxo do fogar" e expondo propostas de modelos alternativos. A creación dunha identidade feminina emancipada e moderna foi o vehemente propósito que inspirou o activismo e a obra destas autoras.

Autora: Linda Gould Levine
 Título: **Spanish women writers: a bio-bibliographical source book**
 Publicación: Westport : Greenwood, 1993
 ISBN: 0-313-26823-1
 Signatura: FIL (L6-1749)

Esta obra contén estudos analíticos e biográficos de cincuenta das más importantes escritoras de Latinoamérica desde o século XVII ata a actualidade. O conxunto de ensaios particulares conforman unha mostra representativa de distintos países de lingua española e unha gran variedade de xéneros literarios. Cada un deles proporciona información biográfica, crítica, recolle os temas máis importantes que trata, e acaba cunha bibliografía detallada das escritoras, as súas obras traducidas ao inglés, se existen, e estudos sobre as mesmas.



Autora: Elvira Martín
 Título: **Tres mujeres gallegas del siglo XIX**
 Publicación: A Coruña : Fundación Caixa Galicia, 2008
 ISBN: 978-84-96982-20-8
 Signatura: ECEM (G-716)

Biografía de Concepción Arenal, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Elvira Martín: "do por que as biografías destas tres galegas ilustres deben ir xuntas. Porque son mulleres. Porque pertencen ao século XIX. Porque son galegas. Porque o tres proveñen de caste nobre. Porque do estudo e comparación das súas vidas poden sacarse varias consecuencias: que Galicia é pródiga en cerebros de excepción. Que o medio en que viviron posuía calidade suficiente para non crebar a súa liña de resistencia. Que a nobreza herdada conferiu-lles valor para superar os obstáculos creados polos prexuízos do seu século. Que as tres chegaron ao desenvolvemento máximo do seu potencial cerebral tras superar a dura proba de frustración sentimental"

Artigo

Artigo: Lembranzas
 Título: **Murguía: revista galega de historia**
 Número/Año: n. 11 (2006)
 Páginas: 131-134
 ISSN: 1696-9197

